



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 12/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a dezaeito de outubro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D^a. ALBA REGOS MATA.
- D^a. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédesse a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédesse a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 26 de setembro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na Folla nº 10, aprecia o erro seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Onde di:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

Debe dicir

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2019, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Vidal Ríos.

PUNTO SEGUNDO: SORTEO FORMACIÓN MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN XERAIS 10 DE NOVEMBRO DE 2019 (ART. 26.4 LEI ORGÁNICA 5/1985, DE 19 DE XUÑO).

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións Xerais 2.019, a celebrar o día 10 de novembro do ano en curso, convocadas mediante Real Decreto 551/2019, de 24 de setembro (BOE nº 230, de data 24/09/2019).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (1PSC 2019).

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos 1PSC/2019.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 11/10/2019, e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que van a absterse, o que se fai a facer aquí e inversión en cemento. Eles destinarían o superávit a gastos social, a proxectos relacionados con dito gasto social.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que ven que as obras poden ser beneficiosas para os nosos veciños, tamén necesarias, van a votar positivamente a esta modificación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que unha das obras que se propón as beirarrúas, senda peonil en Leira xa foi proposta polo BNG para o POS do ano anterior, tamén a propuxeron na proposta de obras para o POS deste ano. Recóllese parte da súa proposta, eles propuxeron alongala ata a última casa que queda alí abaixo, que non ven recollida neste proxecto. Valoran positivamente que se fagan estas beirarrúas, entenden que son necesarias nesa zona. Creen que hai obras urxentes que realizar, hai que investir cartos, por que o auditorio da Casa da Cultura, que é outra das propostas que fixeron, sinceramente de aquí arredor é o máis pobre de todos. Temos unha butacas anticuadas, obsoletas, un sistema de calefacción que precisa ser traído a día de hoxe, precisamos mellorar tamén o sistema de iluminación, as condicións acústicas da sala. Ordes merece un auditorio como é debido. Igual se podía investir en arranxar este auditorio. Tamén fixeron outra proposta para o karting que hai no parque empresarial. Unha instalación deportiva do concello, dado que agora hai problemas nas instalacións deportivas, non hai capacidade para absorber toda a actividade que se esta a desenvolver a día de hoxe no concello, igual sería bo reformar todo e construír unhas pistas de tenis, baloncesto, para diversificar un pouco os espazos dos que dispoñemos. O centro comarcal está baleiro dende o ano 2014, está revertido ao Concello de Ordes e seguimos sen saber que facer nese edificio. Van a absterse para facilitar a tramitación. Ven positivo que se invista ese remanente. Non coinciden plenamente con todos os proxectos aos que se decide destinar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vendo os epígrafes nos que se poden destinar os investimentos financeiramente sostibles o que acaba de dicir o PSOE non ten encaixe, é inviable. Saneamento, recollida, tratamento e eliminación de residuos, iluminación pública, protección e mellora do medio, melloras de estruturas agropecuarias e do sistema produtivo, industria, enerxía, comercio, ordenación e promoción turística, promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte, infraestruturas do transporte, recurso hidráulicos, investigación científica, técnica e aplicada, sociedade da información e xestión do coñecemento. E despois ten que ter cabida nos grupos dos programas 133, 155, 171, 336, 453, 454 e 933. O que plantexaban non ten cabida para a inversión do superávit. Agradece o apoio de UxO. Claro que son moitas as necesidades. Despois do que comentou van a traer unha moción ao pleno a ver se a Deputación ten a ben subvencionar o 50% dos case 450.000 euros que costa facer a reforma do auditorio da Casa da Cultura. Espera contar co apoio de toda a corporación municipal. El comprométese a conseguir o outro 50% a través da inversión da Xunta de Galicia. Espera que a Deputación se molle e non faga como co Centro Sociocomunitario, conseguiron o 50% e a Deputación a pesar de terllo pedido desentendeuse do 25% que era o que lle pedían.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político UxO), coas abstencións (1 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 1PSC/2019, do orzamento municipal 2.019, de acordo co seguinte detalle:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

ORZAMENTO DE GASTOS				
Partida de gasto	Descrición	Créditos antes da modificación	Suplemento de crédito	Créditos finais
1532.609.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	145.564,94	92.247,91	237.812,85
161.633.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	2.193.139,41	40.231,37	2.233.370,78
011.913.00	Débeda pública. Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fóra do sector público.	581.144,31	1.206.120,31	1.787.264,62
	TOTAL		1.338.599,59	

ORZAMENTO DE INGRESOS				
Partida de ingresos	Descrición	Previsións antes da modificación	Financiamento	Previsións finais
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	454.708,38	1.338.599,59	1.793.307,97
	TOTAIS	454.708,38	1.338.599,59	1.793.307,97

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL IMPOSICIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA, APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS. APROBACIÓN PROVISIONAL ORDENANZA FISCAL.

De conformidade co establecido no art. 38.1 (Debate e votación dos demais asuntos) do Regulamento Orgánico Municipal polo Sr. Alcalde-Presidente procédese á retirada deste asunto da orde do día.

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EXERCICIO 2020.

Expediente de modificación de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos municipais para o exercicio 2020.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 11/10/2019, e informe de Secretaría.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa redución no IBI, na bonificación no IVTM, a aplicación do IPC á taxa da auga e sumidoiros, pero entenden que no lixo debíase compensar en maior medida a baixada da taxa coas molestias que esta xerando aos veciños o traslado por camións, deberíase negociar con Sogama unha baixada por esas molestias.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non van a poñer impedimento para a aprobación desta proposta de modificación de ordenanzas fiscais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o lixo é unha imposición da Xunta de Galicia por acollerse ao canon do lixo que ten que repercutir esa rebaixa directamente sobre a veciñanza. Están a favor de que se faga. No tocante as ordenanzas reguladoras da taxa de auga, sumidoiros e saneamento están tamén a favor, o contrato xa regula que o importe debe variarse segundo o IPC. A modificación da ordenanza da taxa do cemiterio municipal construíronse os columbarios hai que establecer a taxa para a súa ocupación. A modificación da ordenanza fiscal do IVTM a bonificación proposta do 25% para híbridos e non contaminantes, gustaríalles que houbera unha fracción. Un 25% para vehículos híbridos que seguen contaminando e outros que utilicen outros tipos de combustibles como os eléctricos, os de hidróxeno e demais igual ter unha bonificación maior. A ordenanza IBI, se recordan nos anteriores mandatos reduciron varias veces o importe, no 2018 estableceuse de maneira plurianual esa rebaixa. Baixar do 0,56 ao 0,53 no 2018 e do 0,53 ao 0,51 no 2019. Agora baixamos do 0,51 a 0,50 no 2020. Isto non compensa a suba dos valores catastrais, non vai a supor unha conxelación efectiva da suba do recibo da contribución á veciñanza para o ano que ven. Seguen mantendo a emenda de reducir realmente un 0,2, o que se veu facendo ao longo destes anos que si que compensa a subida dos valores catastrais. Sería baixar do 0,51 ao 0,49%. Se aceptan a emenda votarán favorablemente, senón absteranse, non é suficiente a rebaixa que se propón para compensar esa suba.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Vidal fala moito, fala ben do que lle interesa e lle convén. Gustaríalle tamén que lles explique por que a Deputación Provincial lles rebaixa este ano un 21% a aportación para o POS 2020. Acaban de chegarnos hoxe 781.000 €. Isto si que é vergonzoso cando no ano 2015 a aportación que fixo o goberno do PP foi de 1.330.000 €. En cinco anos rebaxouse á aportación do concello de Ordes un 41,30%. Isto é vergonzoso, e é algo que teñen que saber os veciños de Ordes. A día de hoxe, outubro de 2019, non temos nin resoltas as baixas sen incorporar, a aportación para a contratación pendente do ano 2019 e non teñen para nada consensuada o que vai a ser o diñeiro que lle corresponde a Ordes en incorporación de proxectos complementarios por que dúas quintas partes de todo o diñeiro que vostedes venderon con moito fume antes da campaña electoral o seguen tendo na Deputación e non está a disposición dos concellos. Isto si que é unha nefasta xestión por parte dese bipartito, tripartito, cuatripartito que teñen na Deputación de A Coruña. Que despois se queira dar leccións aquí se o IBI ten que baixar dous puntos sobre o tipo, segue a dicirlle o que lle dixo en múltiples ocasións. Ten que fiarse dos técnicos municipais e pensar na estabilidade orzamentaria. Despois si que é moi fácil que despois no ano que ven lle veña a votar en cara que non cumpriu a estabilidade orzamentaria. Por cada euro que saquemos nos ingresos tributarios municipais a cada veciño estamos perdendo de investir catro euros da inmensa maioría das aportacións das subvencións que lles chegan da Xunta de Galicia. Estamos tirando pesos por pesetas. Que se veña a cuestionar un incremento que posiblemente na liquidación definitiva non se chegue aos 30.000 euros que pode supor un ingreso de 150.000 euros, que se estea a tirar máis de 120.000 euros de axudas públicas. Non poden compartir ese argumento. Van a seguir traballando con rigor e claridade en base a estabilidade orzamentaria,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

por que llo esixe o goberno central e está obrigados como bos xestores a traballar con coñecemento de causa. Espera que lle expliquen aos veciños de Ordes onde van eses máis de 600.000 euros que lles están a bloquear na Deputación de A Coruña. A día 18 de outubro non poden iniciar a contratación das obras por que vostedes teñen dúas quintas partes do POS 2019 bloqueados polo seu propio interese.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que sempre lle saca a Deputación de A Coruña cando lle convén para votar unha cortiña de fume e non falar do que se fala que é a baixada do tipo do IBI. Vai a explicarllo claramente, mandato 2011-2015 presidida a Deputación polo PP, no 2011 non houbo POS 0 euros. O total deses catro anos de investimentos en Ordes dous millóns e medio de euros. Mandato 2015-2019, están aí as cifras, seis millóns de euros. Mire a diferenza que hai de que governe a Deputación uns e outros. Xa que vostede agora se queixe. Cando estaban vostedes e so se destinaban dous millóns euros a Ordes había que dar un golpe de estado aquí. Ten as cifras aquí, fan balance. Esa é a diferenza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que fala moito, pero o que ten que facer e dar aos veciños e a corporación de Ordes os cartos para investir. Non lle vale de nada que lle vendan moito fume de que están facendo actuacións nas estradas provinciais que o suman aí, senón de donde nin de broma saen seis millóns de euros. Ten as cantidades e se quere lellas ano a ano. Ano 2016 828.000 euros, ano 2017 1.762.000 euros, ano 2018 1.756.000 euros, ano 2019 1.211.000 euros. Este ano 781.000 euros. Un 41,3 % menos do que puxo a Deputación do PP a disposición do goberno de Ordes no ano 2015, isto é algo irrefutable. Da vergonza que despois de terse entrevistado en múltiples ocasións a estrada do Recreo siga como está, que o tramo da estrada de Mesón do Vento dende a rotonda ata pasar o restaurante Avelino levan tres anos pelexando con eles para que saquen a contratación. No ano 2018 eses fondos desvíronse para outros concellos, por que no ano 2018 xa ía saír ese proxecto. Seguramente para algún dos que vostede tanto defende. Iso non é maneira de gobernar, non é maneira de actuar. Non lle veña agora a dicir como actúa a Deputación de A Coruña. Deános os fondos que nos corresponden. Por que está bloqueado o 40% das inversións do ano 2019. Onde están eses cartos, son nosos. Por que teñen bloqueadas as baixas de todas as actuacións executadas nos anos 2017, 2018 e 2019. Donde están as baixas das adjudicacións do concello de Ordes, son baixas das nosas contratacións. É diñeiro dos nosos veciños. Débennos máis de 600.000 euros.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (1 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos municipais seguintes:

- Ordenanza fiscal nº 11, reguladora do imposto sobre bens inmobles (art. 11. Tipo impositivo).
- Ordenanza fiscal nº 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (art. 5. Bonificacións).
- Ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa de cemiterio municipal (art. 6. Cota



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

tributaria).

- Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por servizo de recollida de lixo (art. 5.2. Cota tributaria. Tarifas).
- Ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable (art. 5. Cota tributaria).
- Ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (art. 5. Cota tributaria).

cuxos textos modificados figuran anexos á proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e cincuenta e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO